

OLA, AMIGAS E AMIGOS!
COMO ESTADES? XA RECIBÍN AS VOSAS FOTOS...E O
MEU EQUIPO DE CIENTÍFICAS FELICÍTAVOS PORQUE
SODES UNS AUTÉNTICOS INVESTIGADORES E
INVESTIGADORAS...ASÍ QUE...

RETO SUPERADO!!!



SEGUIMOS INVESTIGANDO COUSAS NOVAS. NESTE
LUGAR, COMO VAI TANTO FRÍO SOAMENTE MEDRAN
ALGAS E LIQUES, A ANTÁRTIDA SEPAROUSE DOS
CONTINENTES FAI MILLÓNS DE ANOS E SEMPRE
ESTIVO ILLADA. AQUÍ VIVEN pingüíns, focas, luras
xigantes e outras especies, E ALGUNHAS persoas en
bases científicas que TRABALLAN sobre todo en
investigacións biolóxicas, do xeo e da astronomía.

Ó noso equipo de investigación gustaríanos
saber máis cousas sobre vós...así que aquí
vai o seguinte RETO:

Investigade sobre as PROFESIÓNS
relacionadas co voso mar, a que se dedican e
sobre todo se tedes familiares que traballen
no mar encantaríanos saber cal é o seu
traballo.

TEDES ATA O DÍA 23 DE FEBREIRO para
mandarnos toda a información e así poder
superar este novo reto.

CONTAMOS COA VOSA AXUDA!!
ÁNIMO EQUIPO...ESTADES A FACELO MOI
BEN.

MOITA SORTE!!
UN BICO MOI GRANDE!!



ÁNXELES ALVARIÑO

